



REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

Aprobado polo Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012.

Modificados os artigos 36, 37 e disposición transitoria terceira polo Consello de Goberno do 23 de abril de 2013; os artigos 38 e 44 polo Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013; o artigo 15 polo Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2014; o artigo 24 polo Consello de Goberno do 27 de maio de 2014; o artigo 36 polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2014; os artigos 1, 3, 15, 36 e 37 polo Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015; os artigos 1, 3, 5, 11, 15, 21, 23, 24, 25, 26, 40, 42, 42bis, 43, 44, 45 e disposicións transitorias primeira e segunda polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017; o artigo 15 polo Consello de Goberno do 29 de outubro de 2018; os artigos 20, 21, 24, 26, 42 e 42bis polo Consello de Goberno do 30 de outubro de 2019; e o artigo 27 polo Consello de Goberno do 22 de abril de 2020).

Exposición de motivos

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (LOU), na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, define a estrutura das ensinanzas universitarias en tres ciclos: grao, mestrado e doutoramento. Os estudos de doutoramento, correspondentes ao terceiro ciclo, conducen á obtención do título oficial de doutor/a. Segundo establece a citada lei, os estudos de doutoramento organizaranse e realizaranse na forma que determinen os estatutos das universidades, de acordo cos criterios que para a obtención do título de doutor/a aprobe o Goberno, logo do informe do Consello de Universidades.

O desenvolvemento do terceiro ciclo dentro da construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) debe ter presente as novas bases da Axenda Revisada de Lisboa, así como a construción do Espazo Europeo de Investigación (EEI) e os obxectivos trazados para este no Libro Verde de 2007. Deste xeito, o doutoramento debe xogar un papel fundamental como intersección entre o EEES e o EEI, ambos, alicerces fundamentais da sociedade baseada no coñecemento. A investigación debe ter unha clara importancia como parte integral da educación superior universitaria e a mobilidade debe ser valorada na etapa doutoral e posdoutoral como peza esencial na formación de novos investigadores.

A entrada en vigor do Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo Real Decreto 534/2013, do 12 de xullo, fixa un novo marco normativo para adaptar estas ensinanzas ao Espazo Europeo de Educación Superior, proceso iniciado no ano 1999 coa declaración de Bolonia. Por outra banda, a publicación do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, fixa tamén requisitos adicionais para a proposta e implantación de novos estudos de doutoramento. E o Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, polo que se establecen os requisitos para a expedición do Suplemento Europeo ao Título Universitario de Doutor, aborda a regulación dos requisitos e o procedemento para a expedición do Suplemento Europeo ao Título de Doutor/a, común para todo o Estado, co fin de facilitar o recoñecemento deste título en España e no estranxeiro, e promover a mobilidade de titulados/as no Espazo Europeo de Educación Superior; engade como criterio de acceso aos estudos de doutoramento estar en posesión dun título universitario oficial que teña obtido a

correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior; e regula a mención Doutoramento Industrial no título de Doutor/a.

Capítulo preliminar. Principios xerais

Artigo 1. Contexto legal *(modificado por acordos do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015 e do 26 de xaneiro de 2017)*

1. Os estudos de doutoramento e a obtención do título de doutor/a na Universidade da Coruña (UDC) rexeranse polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 abril, de universidades, e as súas normas de desenvolvemento, en especial, o Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo Real Decreto 534/2013, do 12 de xullo, modificado polo Real Decreto 43/2015, do 2 de febreiro, modificado polo Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, os Estatutos da UDC e demais disposicións promulgadas polo Estado, adaptadas á Comunidade Autónoma de Galicia e á UDC, no ámbito das súas respectivas competencias e, en particular, polo presente regulamento.
2. A UDC elaborou unha normativa para Estudos de Doutoramento (establecidos no Real Decreto 1393/2007), aprobada no Consello de Goberno do 22 de maio de 2008, e posteriormente un Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aprobado no Consello de Goberno do 30 de outubro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 20 de decembro de 2011, que desenvolve a normativa mencionada. A modificación do marco regulador xeral para o desenvolvemento dos estudos oficiais de doutoramento que establece o Real Decreto 99/2011, modificado polo Real Decreto 534/2013, do 12 de xullo, modificado polo Real Decreto 43/2015, do 2 de febreiro, modificado polo Real Decreto 195/2016, do 13 de maio, supón a necesidade de adaptar estas normas reguladoras dos estudos de doutoramento da UDC ao novo marco legal.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente normativa ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor ou doutora na UDC, que terá carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Capítulo I. Estudos de doutoramento

Artigo 3. Estrutura dos estudos de doutoramento *(modificado por acordos do Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015 e do 26 de xaneiro de 2017)*

1. Os estudos de doutoramento organizaranse a través de programas de doutoramento, na forma en que determinen os Estatutos da UDC e de acordo cos criterios establecidos no Real Decreto 99/2011, modificado polo Real Decreto 534/2013, do 12 de xullo, modificado polo Real Decreto 43/2015, do 2 de febreiro, modificado polo Real Decreto 195/2016, do 13 de maio. Os devanditos estudos finalizarán en todo caso coa elaboración e defensa dunha tese de doutoramento que incorpore resultados orixinais de investigación.
2. Os programas de doutoramento incluírán aspectos organizados de formación investigadora que non requirirán a súa estruturación en créditos ECTS e comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa, aínda



que, en todo caso, a actividade esencial do/a doutorando/a será a investigación.

3. Sexa como for, a memoria de verificación do programa de doutoramento recollerá a relación de actividades formativas, con indicación expresa, se for o caso, daquelas que son de carácter obrigatorio para todo o alumnado do programa de doutoramento.

Capítulo II. Organización dos estudos de doutoramento

Artigo 4. Organización a través das escolas de doutoramento

1. As escolas de doutoramento asumen a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na universidade. A súa finalidade será concibir un modelo de formación doutoral flexible, interdisciplinar e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade. A creación das ditas escolas deberá ser aprobada conforme ao establecido no art. 8 da LOU.
2. En aras de incrementar a calidade da oferta de doutoramento, as escolas de doutoramento poderán contar coa colaboración doutras universidades, organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras. A participación destas entidades externas requirirá a aprobación do Consello de Goberno, logo do informe favorable da vicerreitoría competente na materia.
3. Todos os programas de doutoramento da universidade deberán estar adscritos necesariamente a unha escola de doutoramento en que participe institucionalmente a propia universidade.
4. As escolas de doutoramento, de acordo co Real Decreto 99/2011, contarán cun comité de dirección que realizará as funcións relativas á súa organización e xestión, e estará composto cando menos polo/a seu/súa director/a, as persoas coordinadoras dos seus programas de doutoramento e os/as representantes das entidades colaboradoras. O/a director/a dunha escola será nomeado/a polo/a reitor/a e debe ser un/unha investigador/a de recoñecido prestixio pertencente aos corpos docentes da universidade. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión de, cando menos, tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto.
5. As escolas de doutoramento regularanse polo establecido nos Estatutos da universidade e neste regulamento, e contarán cun regulamento de réxime interno.
6. A universidade habilitará a infraestrutura e os recursos que considerar oportunos para dotar as escolas de doutoramento da capacidade requirida co fin de desenvolver as súas funcións. Especificamente, as escolas disporán dunha oficina de doutoramento, servizo que contará co persoal de administración e servizos necesario para desenvolver as funcións de xestión administrativa e económica dos programas de doutoramento da escola, con todos aqueles labores específicos que se establezan no regulamento de réxime interno das escolas.
7. Forman parte dunha escola de doutoramento o persoal docente e investigador con funcións de titorización e dirección de teses doutorais nos programas de doutoramento dependentes da escola, o alumnado matriculado neles, o persoal de administración e servizos alí destinado, o seu director ou directora e demais compoñentes do seu comité de dirección, e os membros das comisións académicas dos programas de doutoramento dependentes da escola. As escolas de doutoramento contarán cun código de boas

prácticas que deberán subscribir todos os seus integrantes.

Capítulo III. Organización dos programas de doutoramento

Artigo 5. Comisión académica do programa de doutoramento *(modificado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017)*

1. Cada programa de doutoramento contará cunha comisión académica do programa de doutoramento (en adiante, CAPD), en calidade de órgano responsable do seu deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación.
2. A CAPD estará integrada por un mínimo de sete membros, entre os cales deberán figurar o/a presidente/a e o/a secretario/a, e será nomeada polo/a reitor/a.
3. No caso de programas de doutoramento interuniversitarios, ou programas en que participen organismos, entidades, centros ou institucións con actividades de I+D+i, a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a composición da CAPD deberá contar con cando menos un membro de cada unha das universidades responsables do desenvolvemento do programa.
4. A CAPD estará integrada por doutores/as con vinculación permanente coa UDC e dedicación a tempo completo, en posesión de, polo menos, un período de actividade investigadora recoñecida de acordo co Real Decreto 1986/1989. No caso de programas de doutoramento que contén coa colaboración doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, poderá formar parte da CAPD o persoal investigador vinculado contractualmente cos devanditos organismos, sempre que acredite cumprir os mesmos requisitos que o persoal investigador adscrito á universidade ou méritos equiparables no caso de que non resulte de aplicación a posesión do período de actividade investigadora. A totalidade dos membros da CAPD deberá constar como profesorado asignado ao programa de doutoramento.
5. Un dos membros da CAPD actuará de secretario/a para os efectos de dar fe dos acordos adoptados pola comisión e redactar as actas das sesións da CAPD.
6. Os membros da CAPD serán renovados ou renomeados cada catro anos.

Artigo 6. Competencias da comisión académica

Son funcións da comisión académica dun programa de doutoramento as seguintes:

1. Diseñar, organizar, coordinar e propor á escola de doutoramento o conxunto de actividades que conforman o programa, incluídas as liñas de investigación, as actividades formativas, a relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses de doutoramento, os criterios de admisión e selección do alumnado e toda canta información for requirida pola escola de doutoramento en cumprimento da normativa vixente.
2. Manter actualizada a información referente ao programa de doutoramento e informar a este respecto á escola de doutoramento nos prazos e procedemento establecidos.
3. Realizar o proceso de valoración de méritos e admisión do alumnado no programa de doutoramento, mediante a aplicación dos criterios e procedementos de selección establecidos na memoria de verificación, que serán públicos.
4. Asignar ao/á alumno/a admitido/a no programa un/unha titor/a e, no prazo máximo de tres meses despois de formalizar a súa matrícula, un/unha director/a. Tamén lle compete



- á CAPD a modificación destes nomeamentos e, se for o caso, a autorización da codirección da tese cando concorran razóns de índole académica que o xustifiquen.
5. Establecer, se procede, os complementos específicos de formación que o alumnado debe cursar para ser admitido no programa de doutoramento.
 6. Establecer, se procede, os requisitos de formación transversal e de formación específica no ámbito do programa que o alumnado debe cursar tras ser admitido no programa.
 7. Realizar anualmente a avaliación do documento de actividades e do plan de investigación de cada doutorando/a, tendo en conta os informes que para tal efecto deberán emitir o/a titor/a e o/a director/a.
 8. Autorizar as estadias e as actividades fóra de España en institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio, necesarias para a inclusión da mención internacional no título de doutor/a. Tales estadias e actividades deberán ser previamente informadas e avaladas polo/a director/a e o/a titor/a.
 9. Autorizar a realización de estudos de doutoramento a tempo parcial no seu programa cando proceda.
 10. Autorizar, de ser o caso, as prórrogas na duración dos estudos de doutoramento e a concesión de baixas temporais, segundo o disposto no Real Decreto 99/2011 e neste regulamento.
 11. Facer as propostas de modificación e/ou suspensión/extinción do programa, que serán remitidas á escola de doutoramento para súa valoración.
 12. Proporcionar asesoramento académico e/ou científico a alumnado e directores/as de teses.
 13. Emitir o informe de autorización de inicio de trámite para a presentación e exposición pública da tese de doutoramento e aprobar, de ser o caso, os requisitos de calidade das teses.
 14. Elaborar a memoria para a verificación e/ou modificación do programa de doutoramento segundo a normativa vixente.
 15. Calquera outra función que lle encomende a escola de doutoramento ou se lle asigne en cumprimento do presente regulamento e demais disposicións legais vixentes.

Artigo 7. Coordinador/a do programa de doutoramento

1. Cada programa de doutoramento deberá contar cun/cunha coordinador/a, designado/a polo/a reitor/a, que presidirá a CAPD, que cumpra conxuntamente os seguintes requisitos:
 - a) Ter dirixido ou codirixido polo menos dúas teses de doutoramento.
 - b) Estar en posesión de, polo menos, dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co Real Decreto 1986/1989.
 - c) Ter vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo.
2. O/a coordinador/a só poderá exercer as funcións derivadas do seu cargo nun único programa de doutoramento.
3. No caso de programas interuniversitarios, a designación do/a coordinador/a será por acordo entre reitores/as cando se trate de programas conxuntos ou no modo indicado no convenio con outras institucións cando se desenvolva en colaboración con elas.

Artigo 8. Profesorado do programa de doutoramento

1. Todo o profesorado do programa de doutoramento deberá estar en posesión do título de doutor/a, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación científica ou profesional no correspondente ámbito de coñecemento.
2. Así mesmo, será factible incorporar ao programa persoal docente ou investigador alleo á propia universidade. En tal caso, a CAPD acreditará esta condición e garantirá os recursos necesarios para estas incorporacións, o cal deberá comunicalo á universidade.
3. Un/unha profesor/a ou investigador/a só poderá estar asignado/a con carácter xeral a un programa de doutoramento, sen prexuízo de que poida colaborar en actividades formativas doutros programas como convidado/a. Excepcionalmente, en casos xustificados de desenvolvemento ou participación en dúas liñas de investigación diferenciadas, poderase permitir a asignación do/a profesor/a ou investigador/a en dous programas de doutoramento.

Artigo 9. Titores/as do programa de doutoramento

1. A admisión definitiva dun/dunha doutorando/a nun programa de doutoramento leva a asignación dun/dunha titor/a, designado/a pola CAPD correspondente. Tratarase dun/dunha profesor/a asignado/a ao programa con vinculación permanente coa universidade e/ou entidade colaboradora no programa de doutoramento.
2. Con carácter xeral, o/a titor/a terá como labores:
 - a) Velar pola interacción do/a doutorando/a coa CAPD e, conxuntamente, co/coa director/a da tese.
 - b) Velar pola adecuación ás liñas do programa da formación e a actividade investigadora do/a doutorando/a.
 - c) Orientar ao/á doutorando/a nas actividades docentes e de investigación do programa.
3. A CAPD, oído o/a doutorando/a, poderá modificar o nomeamento do/a titor/a en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.
4. O labor de titorización será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Artigo 10. Directores/as da tese de doutoramento

1. No prazo máximo de tres meses desde a súa matriculación, a CAPD asignará a cada doutorando/a un/unha director/a de tese quen será o/a máximo/a responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese de doutoramento e da guía na planificación e a súa adecuación, no seu caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o/a doutorando/a.
2. Poderá ser director/a da tese calquera doutor/a español/a ou estranxeiro/a, con experiencia acreditada investigadora, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos. Para efectos desta normativa, por acreditada experiencia investigadora enténdese o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:
 - a) Ter recoñecido polo menos un sexenio de actividade investigadora.



- b) Ser, nos últimos seis anos, investigador/a principal dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias da universidade).
 - c) Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, de polo menos tres publicacións en revistas incluídas no *Journal Citation Reports*. Naquelas áreas en que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos.
 - d) Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
 - e) Ter dirixido unha tese de doutoramento nos últimos cinco anos coa cualificación de sobresaliente *cum laude* ou apto *cum laude* que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas indexadas no ISI-JCR ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI).
3. No caso de que un/unha profesor/a do programa cumpra os requisitos para ser director/a e titor/a, asumirá as dúas funcións.
 4. No caso que o/a director/a non teña vinculación permanente coa universidade ou entidade colaboradora do programa ou non sexa docente do programa, a CAPD asignará un/unha titor/a que cumpra os requisitos establecidos no art. 9 deste regulamento.
 5. A CAPD, ouvido o/a doutorando/a, poderá modificar o nomeamento do/a director/a de tese en calquera momento do período de realización do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.
 6. A tese poderá ser codirixida cando concorran razóns de índole académica ou cando a interdisciplinabilidade temática ou os programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional así o xustifiquen. En todo caso, a codirección deberá ser previamente autorizada pola CAPD e tal autorización poderá ser revogada con posterioridade se, a xuízo da CAPD, a codirección non beneficia o desenvolvemento da tese. Os/as codirectores/as da tese deberán cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para os/as directores/as no presente regulamento.
 7. O labor de dirección de tese será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

Capítulo IV. Novas propostas de programas de doutoramento e modificación das existentes

Artigo 11. Presentación e tramitación das propostas *(modificado polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017)*

1. As Universidades non poderán tramitar un novo título coa mesma ou equivalente denominación que o título que non ten superado a renovación da acreditación nos dous anos naturais seguintes ao momento no que non se superou a renovación da acreditación.

Esta prohibición tamén será de aplicación a aquelas titulacións universitarias que teñan a mesma ou equivalente denominación que outras titulacións universitarias que non tendo seguido o procedemento de renovación da acreditación se declaren a extinguir. O



prazo de dous anos naturais se computará a partir do momento no que se declare a extinción da titulación universitaria que tería que ter seguido o procedemento de renovación da acreditación.

2. O calendario e procedemento de aprobación no seo de cada universidade de novas propostas de programas de doutoramento e/ou modificación dos existentes será establecido anualmente en cada universidade. O calendario será consensuado anualmente entre as universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) co fin de facilitar a xestión administrativa e académica de elaboración e aprobación das propostas.
3. A proposta dun programa de doutoramento presentarase ante a escola de doutoramento a iniciativa dun ou varios grupos de investigación (ou agrupación de investigadores) ou o equipo de goberno, e materializarase na presentación dunha declaración de intencións que conteña a información básica da proposta do proxecto formativo co fin de valorar o seu alcance. Na declaración de intencións, debe figurar a proposta da composición inicial da CAPD.
4. A proposta de modificación dun programa de doutoramento será presentada ante a escola de doutoramento a iniciativa da CAPD e materializarase na presentación dunha declaración de intencións segundo o formato establecido para tal efecto.
5. A universidade poderá establecer criterios e requisitos de avaliación das propostas en exercicio da súa responsabilidade na planificación da súa oferta dos estudos de doutoramento.
6. Unha vez que se reciban as declaracións de intencións, a escola de doutoramento valorará o cumprimento dos requisitos xerais establecidos no art. 4 do Decreto 222/2011 da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa adecuación aos principios da estratexia en materia de I+D+i e da formación doutoral da universidade, para o cal emitirá, sobre a base desta valoración, un informe favorable ou desfavorable sobre cada declaración.
7. No caso de novas propostas, a emisión dun informe favorable implica o nomeamento formal da CAPD e faculta a esta para desenvolver a proposta definitiva nos termos fixados polo Consello de Universidades, a Comunidade Autónoma e pola propia universidade.
8. Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que incluírá, polo menos, a proposta da memoria segundo o formato establecido para tal efecto e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), a proposta será sometida a informe da escola de doutoramento, logo de ser exposta publicamente á comunidade universitaria segundo o procedemento e calendario establecido para tal efecto, e a aprobación do Consello de Goberno e Consello Social da Universidade.

Artigo 12. Dos programas de doutoramento conxuntos

1. As universidades poderán organizar con outras universidades, nacionais ou estranxeiras, mediante a subscripción dun convenio, programas de doutoramento conducentes á obtención dun único título de doutor/a. O convenio asinado para tal efecto considerará, polo menos:
 - a) A relación de universidades participantes con indicación expresa da universidade que asume a coordinación do programa.
 - b) A composición da CAPD e subcomisións delegadas en cada universidade, e funcións



- de ambos os órganos.
- c) A descrición da mobilidade de alumnado e/ou profesorado.
 - d) A matrícula e custodia dos expedientes.
 - e) A universidade responsable da expedición e do rexistro do título de doutor/a.
 - f) O procedemento de modificación e/ou extinción do programa de doutoramento.
 - g) O réxime de xestión de recursos económicos do programa.
2. Co fin de facilitar a xestión dos programas de doutoramento de carácter interuniversitario, as universidades do SUG comprometeranse a aprobar un modelo tipo de convenio de colaboración que recolla os acordos relativos aos termos a que se refire o parágrafo anterior.
 3. As universidades participantes recoñecerán, para efectos académicos e administrativos, as actividades formativas do programa de doutoramento cursadas en calquera das universidades participantes, nos termos que figuran na correspondente memoria de verificación do título.
 4. No caso de programas de doutoramento organizados de forma conxunta por universidades do SUG, deberá presentarse a correspondente declaración de intereses en cada unha das universidades participantes a iniciativa dun ou varios grupos de investigación das universidades participantes. Unha vez recibida a declaración de intereses dun programa de doutoramento interuniversitario, esta será valorada polo órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada unha das universidades participantes. A emisión de informe favorable por parte de todas as universidades participantes será requisito indispensable para continuar co desenvolvemento da proposta do programa de doutoramento.
 5. Unha vez aprobada por parte da CAPD a proposta definitiva do programa de doutoramento (que inclúe, polo menos, a proposta de memoria de acordo co formato establecido, a proposta de convenio de colaboración e o conxunto de documentos que definen e sustentan o proxecto formativo), esta será sometida a informe do órgano responsable dos estudos de doutoramento en cada universidade e a aprobación do Consello de Goberno e Consello Social das universidades participantes.
 6. A comisión académica dun programa de doutoramento de carácter interuniversitario estará integrada por unha representación equilibrada das universidades participantes no programa e os seus membros deben cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para os membros das comisións académicas dos programas de doutoramento organizados só pola UDC. Na declaración de intereses debe constar a universidade que asume a coordinación do programa e os datos do/a coordinador/a xeral e coordinador/es local/locais en cada universidade.
 7. É competencia e responsabilidade da universidade coordinadora asumir as seguintes funcións, ademais das que figuren no correspondente convenio de colaboración do programa:
 - a) Coordinar o proceso de elaboración e aprobación do programa de doutoramento, tratando de asegurar a participación proactiva e equilibrada das universidades participantes.
 - b) Realizar as xestións e os trámites administrativos en relación aos procedementos de autorización ante a comunidade autónoma e de verificación ante o Consello de Universidades, así como informar ás universidades participantes do estado dos

citados procedementos.

- c) Promover o convenio de colaboración do programa de doutoramento.
- d) Remitir ás universidades participantes os informes de avaliación e/ou autorización emitidos por ACSUG, polo departamento competente en materia de universidades da comunidade autónoma e polo Consello de Universidades, así como os documentos que conformen a memoria do programa unha vez autorizado e verificado o mesmo.
- e) Coordinar os procedementos de seguimento e renovación da acreditación do programa de doutoramento.
- f) Coordinar, de ser o caso, o procedemento de modificación e/ou extinción do programa.

Artigo 13. Acreditación dos programas de doutoramento

Conforme ao disposto no art. 24.2 do Real Decreto 1393/2007 e o art. 10.3 do Real Decreto 99/2011, cada seis anos, contados desde a data da súa verificación inicial ou desde a da súa última acreditación, os programas de doutoramento deberán someterse a un procedemento de avaliación para renovar a súa acreditación de acordo co procedemento e prazos que a Comunidade Autónoma de Galicia estableza.

Artigo 14. Extinción dos programas de doutoramento

1. Un programa de doutoramento extinguirase por algunha das seguintes causas:
 - a) Que non supere o proceso de renovación da acreditación establecido no art. 10 do Real Decreto 99/2011.
 - b) Que non acredite o cumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, de universidades.
 - c) Que non cumpra os requisitos establecidos no art. 6 do Decreto 222/2011 ou se vexa afecto polo disposto no art. 18 do devandito decreto.
 - d) Que se formule proposta de extinción do programa ao abeiro dos procesos de revisión e mellora do título de acordo coa sistemática aprobada pola UDC.
 - e) Cando concorra calquera situación excepcional que impida o correcto desenvolvemento do programa de doutoramento.
2. A extinción producirá os seguintes efectos:
 - a) A perda do seu carácter oficial e a baixa no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).
 - b) Non se poderá proceder á matriculación de novo alumnado no programa.
 - c) A extinción non afectará ao alumnado matriculado con anterioridade e que se atope cursando estudos no momento da adopción da decisión de extinción. En calquera caso, todo o alumnado afectado deberá ser informado da extinción e das súas consecuencias no relativo ao desenvolvemento dos seus estudos.
 - d) A universidade adoptará as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos do alumnado que se atope cursando ditos estudos nos termos establecidos na resolución de extinción dos plans de estudo e aprobará o procedemento de extinción dos programas de doutoramento no seo da universidade.

Capítulo V. Acceso e admisión en estudos de doutoramento

Artigo 15. Acceso (modificado por acordos do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2014, do 22 de xullo de 2015, do 26 de xaneiro de 2017 e do 29 de novembro de 2018))

Son requisitos de acceso a un programa de doutoramento os seguintes:

1. Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de Grao, ou equivalente, e de Mestrado universitario, ou equivalente, sempre que se teñan superado, cando menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.
2. Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - a) Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso a mestrado de acordo co establecido no art. 16 do Real Decreto 1393/2007 e superar un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado.
 - b) Estar en posesión dun título oficial español de graduado ou graduada, cuxa duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Os devanditos titulados deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de mestrado.
 - c) Os/as titulados/as universitarios/as que, logo da obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.
 - d) Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, logo de que a universidade comprobe que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de mestrado universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que o do acceso a ensinanzas de doutoramento.
 - e) Estar en posesión doutro título español de doutor/a obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.
3. O alumnado que iniciase o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias poderá acceder ás ensinanzas de doutoramento, logo da súa admisión de acordo co establecido neste regulamento. En todo caso, deberá reunir os requisitos establecidos con carácter xeral neste regulamento para acceso a estudos de doutoramento.
4. Poderán acceder aos estudos de doutoramento as persoas licenciadas, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estean en posesión do diploma de estudos avanzados obtido de acordo co disposto no Real Decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real Decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.
5. Poderán acceder aos estudos de doutoramento as persoas licenciadas, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estean en posesión dun título de mestrado oficial conforme ao Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, modificado polo Real Decreto 861/2010, ou superasen 60 ECTS de estudos de mestrado oficial.



6. Tamén poderán acceder aos estudos de doutoramento as persoas con titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007, de conformidade coas seguintes regras:

6.1. Titulacións organizadas en créditos non ECTS:

- a) Equivalencia dos créditos establecidos pola Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria (LRU) con créditos ECTS: un crédito LRU considérase equivalente a un crédito ECTS.
- b) No caso de ter cursada e superada unha titulación oficial española organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de máster.
- c) No caso de ter cursada e superada unha titulación de segundo ciclo que non constituía continuación directa dun correlativo primeiro ciclo, e que o conxunto de créditos cursados e superados de primeiro e segundo ciclo sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de máster.
- d) Este recoñecemento de 60 ECTS de segundo ciclo como de nivel de máster referido nas alíneas b) e c) só terá validez para os efectos de satisfacer os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento da UDC, sen que supoña a adquisición de dereito ningún sobre o título de máster universitario.
- e) Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña no relativo a requisitos e criterios adicionais de admisión que puider establecer a comisión académica dun programa de doutoramento concreto, así como, se é o caso, o establecemento de complementos de formación específicos, tal e como se recolle no artigo 7 do RD 99/2011.

6.2. Titulacións non organizadas en créditos:

O acceso aos estudos de doutoramento desde titulacións antigas, organizadas en asignaturas e non en créditos, poderase resolver aplicando algún dos seguintes criterios, segundo se estableza pola Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento:

- a) Equivalencia da titulación superada coa mesma titulación regulada pola Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, considerándose que ten os mesmos créditos que ésta, e de acordo co disposto no apartado I.a), cada crédito LRU será equivalente a un crédito ECTS.
- b) Un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior á LRU será considerado equivalente a 60 ECTS.

7. Tamén poderán acceder as persoas diplomadas, enxeñeiros/as técnicos/as ou arquitectos/as técnicos/as que acrediten ter superados 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado.
8. Estar en posesión dun título universitario oficial que teña obtido a correspondencia ao nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, de acordo co



procedemento establecido no Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos estranxeiros de Educación Superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado.

Artigo 16. Admisión

1. Na memoria de verificación e na oferta dos programas poderán establecerse requisitos e criterios adicionais para a selección e admisión do alumnado.
2. No caso de que o alumnado careza da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos.
3. De ser o caso, os programas, a través da súa memoria, determinarán os complementos de formación que deberán ser concretados para cada alumno/a pola CAPD, sen que poidan superarse os 15 ECTS. A realización destes complementos será previa ou simultánea á matrícula en tutela académica no programa. No caso de realización simultánea, o alumnado deberá matricularse destes complementos no momento de formalizar a matrícula de tutela académica no programa; no caso de ser previa, só se matriculará destes complementos e non se asinará o compromiso de supervisión a que fai referencia o art. 31 deste regulamento nin se abrirá o documento de actividades do/a doutorando/a ata a súa superación.
4. Os complementos de formación deberán superarse no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos. De non facelo así, o alumnado causará baixa no programa.
5. Os devanditos complementos de formación específica poderán ser de materias ou módulos de mestrado e grao e terán, para efectos de prezos públicos e de concesión de bolsas e axudas ao estudo, a consideración de formación de nivel de doutoramento. No caso de realizarse con carácter previo, o seu desenvolvemento non computará para efectos do límite temporal establecido para a realización da tese. Estes créditos tampouco computarán para os efectos dos requisitos ordinarios de acceso ao programa de doutoramento.

Artigo 17. Alumnado con titulacións estranxeiras

1. O alumnado que teña títulos equivalentes aos oficiais de grao e mestrado que dean acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe, expedidos por unha universidade ou centro de ensino superior estranxeiros, poderán acceder aos estudos de doutoramento logo da homologación do seu título polo ministerio competente ou pola universidade, segundo corresponda.
2. O alumnado con título estranxeiro sen homologar poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que se acredite un nivel de formación equivalente ao do título oficial español de mestrado universitario e faculte no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.
3. Deste xeito, o alumnado con título estranxeiro sen homologar requirirá, para a plena validez da súa matrícula, unha resolución de equivalencia outorgada polo/a reitor/a, logo

dos informes que regulamentariamente se establezan, en que se indicará a denominación do título estranxeiro e o seu recoñecemento para os efectos de cursar estes estudos. A equivalencia deberá solicitarse dentro do prazo que se estableza para tal efecto e acompañarase do título con base no cal se desexa acceder aos estudos de terceiro ciclo e un certificado académico dos mencionados estudos en que consten as materias e os períodos académicos cursados e que o título dá acceso no seu país aos estudos de doutoramento. Todo o anterior presentarase debidamente legalizado (orixinais e fotocopias para o seu cotexo ou fotocopias autenticadas polos servizos consulares ou embaixadas españolas). No caso de non ser o idioma de orixe o castelán, deberase acompañar tamén unha tradución legalizada da documentación anteriormente citada.

4. Na solicitude de admisión do alumnado, tamén se incluírá a posibilidade de realizar simultaneamente a solicitude de equivalencia, en caso necesario. A CAPD valorará a adecuación académica dos estudos cursados pola persoa solicitante, circunstancia que figurará na proposta de persoas admitidas no programa.
5. As resolucións de equivalencia constarán no expediente do/a alumno/a e poderán certificarse como calquera outro extremo seu.
6. O sistema informático poderá considerar a xestión de informes emitidos como precedentes para casos similares. Nestes casos, non será necesario a realización de novos informes.
7. O alumnado poderá matricularse sen agardar a resolución de equivalencia, mais a súa matrícula ficará condicionada a esta declaración.
8. Cada programa poderá establecer unha cota para alumnado estranxeiro, do mesmo modo que poderá establecer e acordar preadmisións condicionadas ao cumprimento dos requisitos que cómpre realizar con anterioridade aos prazos de preinscrición.

Artigo 18. Alumnado con necesidades especiais

Para o alumnado con necesidades educativas especiais, estableceranse sistemas e servizos de apoio e asesoramento axeitados, que poderán determinar a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

Artigo 19. Procedemento de admisión

1. O alumnado que reúna os requisitos de acceso e admisión poderá solicitar a admisión a un programa de doutoramento, para o cal se establecerá un prazo de preinscrición. A mencionada solicitude presentarase no lugar que sinala a convocatoria.
2. Unha que vez remate este prazo, a CAPD realizará a proposta de alumnado admitido, coa súa correspondente lista da agarda, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa. A dita proposta considerarase como relación provisoria de persoas admitidas e deberá facerse pública.
3. As persoas aspirantes non admitidas poderán presentar unha reclamación no prazo e forma establecidos na correspondente convocatoria de matrícula. Ao transcorrer o prazo de reclamacións e unha vez que estas se resolvan, remitirase a relación de persoas admitidas ao órgano de xestión de alumnado correspondente, para efectos de poder formalizaren a súa matrícula no prazo que se sinala. De non a formalizar, a persoa solicitante decaerá nos seus dereitos.



Artigo 20. Cambio de programa *(substituído por acordo do Consello de Goberno do 30 de outubro de 2019)*

1. O cambio de programa de doutoramento deberá ser autorizado pola EIDUDC tras valorar a solicitude xustificada do/a doutorando/a e os informes das CAPD dos programas implicados e, se é o caso, da escola ou escolas de doutoramento á/ás que pertenza/n estes programas. A Comisión Permanente da EIDUDC deberá establecer o procedemento para o cambio de programa.

O cambio de programa só será efectivo se o/a doutorando/a cumpre os requisitos de admisión do programa e é admitido neste, e este cambio de programa implicará a baixa definitiva no programa de saída.

2. Aos/ás estudantes con estudos previos noutro programa regulado polo Real Decreto 99/2011, sempre que o cambio de programa non se acompañe de cambio de plan de investigación, aplicaráselles o seguinte:
 - a) O período en tutela académica previo computará a todos os efectos para a duración mínima e máxima nos estudos de doutoramento.
 - b) As actividades de formación realizadas durante estes estudos previos poderán ser recoñecidas pola CAPD como equivalentes ás actividades de formación do programa.

Capítulo VI. Matrícula

Artigo 21. Matrícula no programa de doutoramento *(modificado por acordos do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017 e do 30 de outubro de 2019)*

2. O alumnado admitido nun programa de doutoramento deberá matricularse anualmente polo concepto de tutela académica do doutoramento, na unidade de xestión e de acordo co procedemento e calendario que a UDC estableza para tal efecto. Ademais, de ser o caso, deberá matricularse das actividades formativas determinadas pola CAPD.
3. No caso de que un/unha doutorando/a non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa no programa, salvo nos casos previstos no art. 26 (baixa temporal nun programa de doutoramento). Esta baixa producirá os seguintes efectos:
 - a) O/a doutorando/a causará baixa desde a data de comunicación da mesma.
 - b) O/a doutorando/a non poderá solicitar a admisión nin matricularse no programa no que causa baixa durante o mesmo curso académico no que causa baixa e o curso académico posterior.
 - c) O/a doutorando/a poderá solicitar a admisión e matricularse nun programa distinto ao programa no que causa baixa a partires do curso académico posterior ao da baixa.
 - d) En caso de matricularse posteriormente nun programa:
 - O período académico cursado no programa no que causa baixa non computará aos efectos de duración mínima dos estudos de doutoramento.
 - As actividades realizadas no programa no que causa baixa non poderán ser recoñecidas pola CAPD como equivalentes ás actividades do programa.
4. A matrícula de tutela académica outorga ao alumnado o dereito á titoría académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e á plenitude de dereitos previstos pola normativa para o alumnado de doutoramento.
5. Cando se trate de programas conxuntos, o convenio incluído na memoria de verificación



do programa determinará a forma en que debe levarse a cabo a dita matrícula.

6. Cando se trate de programas de intercambio de alumnado, o acordo asinado polas universidades participantes determinará a forma en que debe levarse a cabo a matrícula.
7. Correspóndelle á comunidade autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, que terán a consideración de prezos públicos.
8. Non se poderá simultanear a matrícula en dous programas de doutoramento, salvo no caso de teses en cotutela.

Artigo 22. Períodos de matrícula

1. Haberá dous períodos de matrícula ordinarios para o alumnado de novo ingreso: un ao comezo do primeiro cuatrimestre e outro a comezo do segundo cuatrimestre do mesmo curso académico. A CAPD poderá solicitar á universidade cada curso académico que non se habilite o segundo período de matrícula para alumnado de novo ingreso.
2. Os prazos para o pagamento dos prezos públicos serán os fixados na resolución reitoral da correspondente universidade.
3. As tres universidades do SUG tratarán de establecer un calendario de matriculación común.

Artigo 23. Matrícula a tempo completo e a tempo parcial *(modificado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017)*

1. O alumnado poderá matricularse a tempo completo ou a tempo parcial. Para esta última modalidade, será requisito indispensable a condición de doutorando/a a tempo parcial outorgada, de ser o caso, pola CAPD. Esta condición deberá solicitarse cada curso académico á CAPD para o cal se achegarán os documentos xustificativos.
2. O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse con carácter xeral no primeiro período de matrícula ordinario, sen prexuízo de que poida facelo no segundo período de matrícula ordinario, en ambos casos condicionado ao informe favorable da CAPD.
3. Para a condición de doutorando/a a tempo parcial, teranse en conta motivos de carácter laboral, familiar ou persoal:
 - a) Os motivos de carácter laboral serán preferentemente situacións de carácter fixo ou estable. Non se terán en conta situacións eventuais, como contratos temporais, contratos en prácticas ou bolsas de colaboración cunha duración inferior a seis meses.
 - b) Os motivos de carácter familiar ou persoal incluírán, entre outras, situacións de dependencia, coidado de persoas maiores ou fillos/as discapacitados/as, familia numerosa con fillos/as en idade escolar e situacións de violencia de xénero.
 - c) O alumnado cun grao de discapacidade superior ao 33% obterá, se así o solicita e xustifica documentalmentemente á CAPD, a condición de estudante a tempo parcial.
4. O cambio de modalidade de matrícula poderá solicitarse nos períodos ordinarios de matrícula, condicionado ao informe favorable da CAPD.
5. A universidade, a proposta de cada CAPD, poderá establecer do total de estudantes matriculados no programa unha porcentaxe máxima de doutorandos/as matriculados/as a tempo parcial.

Capítulo VII. Duración dos estudos de doutoramento

Artigo 24. Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial (*modificado por acordos do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017 e do 30 de outubro de 2019*)

1. A duración dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial será, respectivamente, dun máximo de tres e cinco anos. En cada caso, esta duración contarase desde a primeira matrícula do/a doutorando/a polo concepto de tutela académica do doutoramento ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.
2. A duración mínima dos estudos de doutoramento será, a tempo completo e a tempo parcial, de 18 meses, contados desde a admisión do/a doutorando/a ata a presentación da solicitude do depósito da tese de doutoramento.
3. Cando, nun mesmo programa de doutoramento, o/a doutorando/a utilizase ambas as modalidades de matrícula, computarase para todos os efectos a duración dos estudos de doutoramento en termos de estudos a tempo completo, coa consideración de que un ano de matrícula a tempo parcial equivale a 0,6 anos de matrícula a tempo completo.

Artigo 25. Prórrogas para a realización dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial (*modificado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017*)

1. Se a solicitude do depósito da tese de doutoramento non se presenta transcorrido o prazo establecido, a CAPD podería autorizar a prórroga do prazo, logo da solicitude do/a doutorando/a. A prórroga sería dun ano nos estudos de doutoramento a tempo completo e de dous anos nos estudos de doutoramento a tempo parcial. De forma excepcional, podería ampliarse este prazo en ambos os casos en outro ano adicional. A autorización das citadas prórrogas farase de forma motivada e de acordo coa normativa da UDC.
2. A simultaneidade de estudos non será motivo para a concesión de prórroga.

Artigo 26. Baixa definitiva nun programa de doutoramento (*acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017, modificada polo Consello de Goberno do 30 de outubro de 2019*)

Son causas de baixa definitiva no programa:

- a) Non ter superados os complementos de formación no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos.
- b) Non ter presentado o plan de investigación nos prazos establecidos.
- c) Dous informes negativos consecutivos na avaliación negativa do plan de investigación e o documento de actividades.
- d) Non ter superada a defensa da tese nos prazos establecidos pola normativa.
- e) Ter solicitada a baixa voluntaria no programa.

En caso de matricularse posteriormente noutro programa, aplicarase o artigo 21.2.d deste regulamento.

Artigo 27. Baixa temporal nun programa de doutoramento (*acordo do Consello de Goberno de 22 de abril de 2020*)

1. Os estudantes en situación de enfermidade, embarazo ou de calquera outra causa de



baixa prevista pola normativa vixente que queiran interromper o cómputo do tempo no programa de doutoramento, terán que solicitar a baixa temporal no programa.

2. Así mesmo, os estudantes poderán solicitar a baixa temporal por razóns xustificadas non recollidas no punto 1. Esta solicitude poderán presentala una soa vez durante a súa permanencia nun programa de doutoramento.
3. As solicitudes de baixa temporal serán por un período máximo dun ano, ampliable ata un ano máis.
4. As solicitudes deberán ser xustificadas e dirixirse á CAPD responsable do programa, que se pronunciará sobre da súa procedencia de acceder a lo solicitado. A Comisión Permanente da EIDUDC poderá revisar os ditos pronunciamentos para unificar os criterios aplicados polas CAPDs.
5. As actividades desenvolvidas durante a baixa temporal non poderán incluírse no documento de actividades.
6. Os períodos de baixa temporal non computarán no prazo de desenvolvemento da teses a que fan referencia os artigos 24 e 25 deste regulamento.

Capítulo VIII. Organización da formación e do expediente do alumnado

Artigo 28. Competencias e destrezas que adquirirá o alumnado

Os estudos de doutoramento garantirán, como mínimo, a adquisición polo alumnado das competencias básicas, destrezas e habilidades recollidas no art. 5 do Real Decreto 99/2011, así como aquelas outras que figuren no Marco Español da Cualificación para a Educación Superior (MECES).

Artigo 29. Documento de actividades do/a doutorando/a

1. Unha vez matriculado/a no programa, materializarase para cada doutorando/a o documento de actividades personalizado para efectos do rexistro individualizado. Nel inscribíranse todas as actividades de interese para o desenvolvemento do/a doutorando/a segundo o que estableza a escola de doutoramento e será avaliado anualmente pola CAPD.
2. Este documento deberá axustarse ao formato establecido, rexistrarse na aplicación informática e deberá quedar constancia documental que acredite a realización das actividades realizadas polo alumnado.
3. O/a doutorando/a terá acceso a este documento para anotar e actualizar as actividades que realice no contexto do programa. Os seus rexistros serán validados pola CAPD após a valoración do/a titor/a e o/a director/a, logo de que a administración comprobe a autenticidade/veracidade dos méritos alegados, de ser o caso.
4. Ao documento de actividades terán acceso, para as funcións que correspondan en cada caso, o/a doutorando/a, o/a seu/súa titor/a, o/a seu/súa director/a de tese, a CAPD, a escola de doutoramento e o persoal de administración responsable.

Artigo 30. Plan de investigación

1. Antes de seis meses, que comezarán a contar desde a data da matrícula, o/a doutorando/a elaborará un plan de investigación que incluíra a metodoloxía que empregará e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. O plan deberá ser presentado e avalado co informe do/s director/es e do/a titor/a e deberá ser aprobado pola CAPD. Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual, contando co aval do/a titor/a e o/a director/a.
2. Anualmente, a CAPD avaliará o plan de investigación e o documento de actividades, e disporá para realizar a avaliación dos informes que para tal efecto deberán emitir o/a titor/a e o/a director/a. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o/a doutorando/a deberá ser de novo avaliado/a no prazo de seis meses, para o cal elaborará un novo plan de investigación. No suposto de producirse unha nova avaliación negativa, causará baixa definitiva no programa.

Artigo 31. Compromiso de supervisión

1. As funcións de supervisión, tutela e seguimento dos/as doutorandos/as reflectiranse nun compromiso de supervisión. O devandito compromiso será asinado por unha representación específica designada pola UDC, o/a titor/a e o/a doutorando/a, nun prazo máximo dun mes que comezará a contar desde a data de matrícula, mentres que a sinatura do/a director/a se incorporará no momento da súa designación. Este compromiso de supervisión engadirase ao documento de actividades do/a doutorando/a no momento da súa sinatura por todas as persoas implicadas.
2. No compromiso de supervisión especificarase a relación académica entre o/a doutorando/a e a UDC, os seus dereitos e deberes, incluídos os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, así como a aceptación do procedemento de resolución de conflitos e a súa duración. Inclúiranse tamén os deberes do/a titor/a do/a doutorando/a e do seu director ou directora de tese.
3. No compromiso de supervisión deberán figurar as condicións en que se publicará a tese de doutoramento.

Artigo 32. Resolución de conflitos

1. As dúbidas ou controversias que xurdiren en relación cos axentes implicados no desenvolvemento do programa de doutoramento serán levadas polas persoas interesadas en primeiro termo ante a CAPD.
2. No caso de que as controversias conclúan en conflito, a súa resolución corresponderá á escola de doutoramento. O acordo será comunicado por resolución do/a director/a ou presidente/a do órgano ás partes afectadas. As persoas lexitimadas poderán presentar recurso de alzada contra esta resolución perante o/a reitor/a da UDC ou persoa en quen delegar.

Capítulo IX. Tese de doutoramento

Artigo 33. A tese de doutoramento

1. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación relacionado cos



campos científico, técnico ou artístico do programa de doutoramento cursado polo/a doutorando/a.

2. A tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en lingua galega, castelá, inglesa ou portuguesa ou no idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico do que se trate. Porén, a escola de doutoramento poderá autorizar a súa redacción noutro idioma, logo de que a CAPD informe favorablemente e garanta que o tribunal estará en condicións de xulgala. No caso de que se redacte nunha lingua distinta do galego ou do castelán, a tese deberá incluír un anexo no propio volume da tese, que conterá un resumo de, polo menos, tres mil palabras en galego ou en castelán.
3. A tese de doutoramento deberá incluír polo menos: un resumo, unha introdución, os obxectivos, a metodoloxía, os resultados, as conclusións e a bibliografía, así como os informes de valoración da tese por parte do/a director/a e titor/a. A UDC valorará a posibilidade de publicar unha guía de boas prácticas para a dirección de teses de doutoramento e mais unha guía de estilo para a presentación da tese de doutoramento.

Artigo 34. Procedemento de autorización da tese para a súa defensa

1. Unha vez que remate a elaboración da tese e logo do informe favorable do/a director/a ou directores e, no seu caso, do/a titor/a, o/a doutorando/a solicitaralle á CAPD a autorización para a súa defensa de acordo co procedemento establecido para o efecto en cada caso.
2. Unha vez autorizada a presentación da tese para a súa defensa por parte da CAPD, esta remitirá coa maior brevidade posible á escola de doutoramento a seguinte documentación:
 - a) Informe de autorización para a defensa da tese emitido pola CAPD.
 - b) Un exemplar da tese en soporte papel asinado polo/a doutorando/a, polo seu director/a ou directores e, de ser o caso, polo/a titor/a e un exemplar en formato electrónico (PDF).
 - c) Toda a documentación requirida no caso de que se solicite a mención internacional e/ou tese por compendio de publicacións, segundo o establecido no presente regulamento.
 - d) Documento de actividades actualizado e o plan de investigación acompañado dos informes favorables do/a titor/a e do/a director/a.
 - e) Unha proposta da composición do tribunal que xulgará a tese aprobada pola CAPD, formado por doutores/as especialistas na materia da tese de doutoramento, con experiencia investigadora acreditada e segundo o establecido no art. 36 do presente regulamento.
3. Unha vez que a escola de doutoramento ten recibida toda a documentación da tese e constatado que o expediente está completo e correcto, abrirase un período de exposición pública de 10 días hábiles en período lectivo, coa garantía da máxima difusión institucional para que calquera doutor/a poida examinar a tese e dirixirle por escrito as consideracións que estimar oportunas á escola de doutoramento. Co fin de facilitar a consulta das teses, a UDC valorará a posibilidade de habilitar un procedemento telemático, sempre que non concorran limitacións derivadas do art. 14.6 do Real Decreto 99/2011.
4. Ao rematar o período de exposición pública, a escola de doutoramento valorará a tese tendo en conta o informe da CAPD e as alegacións recibidas, de ser o caso. Asemade, a



escola de doutoramento poderá convocar ao/á doutorando/a e/ou director/a ou solicitarlle resposta razoada das alegacións ou outra información que considerar necesaria, e poderá consultar á CAPD e/ou contar coa colaboración doutros/as doutores/as externos/as para o asesoramento na avaliación da tese.

5. Tras a valoración da tese, a escola de doutoramento decidirá aprobar ou denegar a continuidade dos trámites, e deixará rexistro desta decisión no expediente do/a doutorando/a. Esta decisión seralle comunicada ao/á director/a ou directores da tese de doutoramento, ao/á doutorando/a e mais á CAPD.
6. No caso de denegación da continuidade dos trámites, que deberá estar debidamente motivada, a escola de doutoramento comunicará ao/á doutorando/a as vías que poidan conducir a corrixir axeitadamente a súa tese de doutoramento, antes de proceder a unha nova solicitude de depósito.
7. No caso de aprobación de continuidade, procederase á aprobación do tribunal nos termos establecidos no art. 36 do presente regulamento.
8. Unha vez que se nomee o tribunal titular e os membros suplentes, comunicarase o nomeamento á CAPD e ao/á director/a, e farase chegar a cada un deles a notificación da súa designación. A CAPD enviará aos membros do tribunal un exemplar da tese de doutoramento e o expediente do/a doutorando/a. A partir deste momento, disporán de 20 días naturais para enviarlle á escola de doutoramento un informe individual e razoado en que se valore a tese e figure explicitamente o ditame sobre se procede ou non a autorización para a súa defensa.
9. Unha vez recibidos os informes, a escola de doutoramento disporá se procede ou non a defensa pública ou, de ser o caso, a interrupción da súa tramitación, o que se comunicará por escrito ao/á doutorando/a, aos/ás directores/as da tese e á CAPD.
10. De ser denegada a autorización da defensa da tese pola escola de doutoramento, o/a doutorando/a poderá solicitar a certificación literal dos ditames a que se refire o parágrafo anterior. No caso de ser autorizada a defensa, o/a doutorando/a poderá solicitar a certificación literal dos informes despois da súa defensa.
11. A defensa pública deberá realizarse nun prazo máximo de tres meses desde a posta a disposición do tribunal da documentación especificada anteriormente neste mesmo artigo, exemplar de tese e expediente do/a doutorando/a, salvo causas debidamente xustificadas. Se se supera este prazo, deberán iniciarse de novo os trámites de autorización da tese para súa defensa.
12. Ao longo do proceso de autorización da defensa da tese, o/a doutorando/a estará obrigado/a á introdución dos datos da súa tese na base TESEO segundo o procedemento e prazos que estableza a UDC.

Artigo 35. Teses con protección de dereitos

1. No compromiso documental incluíranse as cláusulas oportunas para garantir a non difusión dos contidos no caso de teses de doutoramento en que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou aquelas que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual e dos que non se poida realizar a difusión de contidos antes de estar debidamente protexidos.
2. Este tipo de tese formalizarase en dúas versións: a reducida, en que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo, que ficará arquivado na universidade baixo



compromiso de confidencialidade.

3. O exemplar reducido será o que se deposite para a súa consulta pola comunidade científica de doutores/as. Esta versión deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública da tese.
4. A versión completa será a que se lles entregue aos membros do tribunal para a súa avaliación. Os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos dos que non se pode facer unha difusión pública.
5. Se o tribunal desexa formular cuestións ao/á doutorando/a sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse en sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.
6. Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no repositorio institucional. Unha vez que se realicen as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade, o/a doutorando/a poderá solicitar, logo de acreditar estas circunstancias, a súa substitución polo exemplar completo.

Artigo 36. Tribunal de avaliación *(modificado por acordos do Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, do 24 de xullo de 2014 e do 22 de xullo de 2015)*

1. A CAPD, oído o/a director/a da tese (e/ou de ser o caso, o/a titor/a) propondrá unha relación de seis membros do tribunal que avaliará a tese.
2. Unha vez admitida a trámite a tese de doutoramento pola CAPD, a escola de doutoramento avaliará a proposta de tribunal remitida pola CAPD. Esta proposta irá acompañada dun informe individualizado e razoado sobre a idoneidade de cada un dos membros propostos para xulgar a tese mediante a mención da especialidade ou especialidades da súa investigación, as publicacións, os proxectos de investigación e outras actividades ou méritos que consideren oportunos, así como a aceptación expresa dos membros propostos.
3. O tribunal encargado de xulgar a tese será nomeado pola escola de doutoramento entre os seis especialistas propostos pola CAPD e estará constituído por tres titulares e dous suplentes. Entre os membros do tribunal nomearase un/unha presidente/a e un/unha secretario/a do tribunal, que se designará, preferentemente, entre os membros do tribunal da UDC. No caso de que ningún membro do tribunal pertenza á UDC, a CAPD deberá presentar un informe xustificativo e, de ser o caso, designar outro/a profesor/a da UDC como responsable da recepción das actas e da súa posterior entrega na unidade administrativa correspondente.
4. En caso de renuncia por causa xustificada dun/dunha integrante titular do tribunal, procederase a substituílo/a polo/a suplente correspondente seguindo a orde da proposta de suplentes do tribunal.
5. Na composición do tribunal, deben respectarse os seguintes requisitos:
 - a) Todos os membros deberán ser doutores/as e con experiencia investigadora acreditada. Entenderase por experiencia acreditada o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos para ser director/a de tese no presente regulamento. O profesorado dos corpos docentes universitarios poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento, aínda que estean en situación de excedencia, xubilación, servizos especiais ou en comisión de servizos, coa consideración, neste derradeiro caso, como pertencente á universidade en que se atope prestando os seus servizos. O profesorado contratado laboral poderá formar parte dos tribunais de teses de doutoramento, aínda que estea en situacións equivalentes ás do persoal dos corpos

docentes universitarios.

- b) O tribunal estará formado por unha maioría de membros externos á UDC, ás institucións colaboradoras no programa ou na Escola de Doutoramento e ao profesorado do programa de doutoramento. En ningún caso poderán formar parte do tribunal máis de un membro pertencente á mesma institución.
- c) No caso de teses presentadas por compendio de publicacións, non poderán formar parte do tribunal os/as coautores/as das publicacións.
- d) En ningún caso poderán formar parte do tribunal o/a director/a ou codirectores da tese nin, de ser o caso, o/a titor/a, salvo nos casos de teses presentadas no marco de acordos bilaterais de cotutela con universidades estranxeiras que así o teñan previsto, ou nos casos de teses presentadas en programas de doutoramento conxuntos con universidades estranxeiras, en virtude dos correspondentes convenios.
- e) No caso da mención internacional no título de doutor/a, cando menos un/unha experto/a pertencente a algunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio non española, co título de Doutor/a, e distinto/a do/a responsable da estadía sinalada no art. 40, ten que formar parte do tribunal titular. Para tal efecto, nomearase tamén como membro suplente un/unha doutor/a que cumpra as condicións recollidas no parágrafo anterior.
- f) A composición do tribunal procurarase que sexa paritaria (ningún sexo deberá ter unha representación inferior ao 33%) salvo que non sexa posible por razóns debidamente motivadas, que deberán expresarse no documento de proposta do tribunal de tese remitido pola CAPD á EIDUDC. O establecido neste punto deberase tamén respectar na proposta de membros suplentes.
- g) Non poderá formar parte da proposta dun tribunal quen incorra en calquera das causas de abstención establecidas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 37. Acto de defensa pública da tese (modificado por acordos do Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e do 22 de xullo de 2015)

1. Unha vez autorizada a defensa pública da tese, o/a doutorando/a deberá efectuar o pagamento das taxas dos dereitos de exame do grao de doutor/a na unidade administrativa que se determine.
2. Unha vez realizado tal pagamento de taxas, o órgano designado pola escola de doutoramento remitirá ao/á secretario/a do tribunal os documentos que deberán ser cubertos no acto de defensa da tese de doutoramento:
 - a) Acta de constitución do tribunal.
 - b) Acta da sesión.
 - c) Sobres oficiais para recoller os informes confidenciais sobre a tese para os efectos da mención *cum laude* e premio extraordinario.
3. O/A presidente/a do tribunal convocará o acto de defensa da tese de doutoramento, e o/a secretario/a comunicará, polo menos con 10 días naturais de antelación, o día, o lugar e mais a hora do citado acto á escola de doutoramento, que fará a publicidade pertinente.
4. A defensa da tese deberá realizarse en sesión pública durante o período lectivo do



calendario académico e terá lugar na propia universidade española en que o/a doutorando/a estivese matriculado/a ou, no caso de programas de doutoramento conxuntos, nos termos que indiquen os convenios de colaboración. Calquera outra opción requirirá da autorización expresa da escola de doutoramento, e deberase asegurar, en todo momento, o cumprimento da presente normativa e dos procesos establecidos para a súa avaliación.

5. En casos debidamente xustificadas por circunstancias que imposibiliten a presenza física dun membro do tribunal, a escola de doutoramento poderá autorizar a súa participación por videoconferencia, a condición de que os outros dous membros do tribunal estean presentes no acto. En ningún caso, este membro ausente poderá ser o/a presidente/a ou o/a secretario/a do tribunal.
6. Se no acto de defensa e exposición pública da tese non se presentase algún membro do tribunal titular, incorporaranse os/as suplentes cumprindo o requisito sobre a maioría de membros externos á Universidade e ás institucións colaboradoras no programa de doutoramento. Se isto non fose posible, o/a presidente/a do tribunal suspenderá o acto de lectura e comunicaralle este feito á escola de doutoramento, que poderá autorizar a defensa nas 24 horas seguintes. De non ser factible, o/a presidente/a convocará de novo o acto de defensa da tese de doutoramento nos termos fixados no presente regulamento.
7. Os membros do tribunal deberán expresar a súa opinión sobre a tese e poderán formular cantas cuestións e obxeccións consideraren oportunas, ás que o/a doutorando/a deberá contestar. Así mesmo, os/as doutores/as presentes no acto poderán formular cuestións e obxeccións, e o/a doutorando/a responder, todo isto no momento e forma que sinale o/a presidente/a do tribunal.

Artigo 38. Cualificación da tese de doutoramento (*modificado por acordo do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013*)

1. Unha vez finalizada a defensa da tese por parte do/a doutorando/a, o tribunal emitirá un informe sobre esta e a cualificación global de acordo coa seguinte escala: Non apto, aprobado, notable e sobresaínte. O/A secretario/a do tribunal redactará acta de colación do título de doutor/a, que incluírá información relativa ao desenvolvemento do acto de defensa e a cualificación. Se o/a doutorando/a solicitou optar á mención internacional do título de doutor/a, o/a secretario/a do tribunal incluírá na acta de colación a certificación de cumprimento dos requisitos esixidos. O/A presidente/a do tribunal comunicará, en sesión pública, a cualificación.
2. O tribunal poderá propor que a tese obteña a mención *cum laude* se a cualificación global é de sobresaínte e se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. A escola de doutoramento regulamentará o procedemento para a materialización da concesión final da devandita mención en sesión diferente da correspondente á de defensa da tese.
3. O/A secretario/a do tribunal, ou profesor/a en quen delegar, será responsable da documentación correspondente á defensa da tese de doutoramento, que deberá remitir debidamente cuberta á unidade administrativa responsable dos estudos de doutoramento na UDC no prazo máximo de cinco días hábiles posteriores ao día de exposición e defensa da tese para o seu arquivo e documentación.

Artigo 39. Arquivo da tese de doutoramento



1. Unha vez aprobada a tese de doutoramento, a UDC, a través do servizo competente, ocuparase do seu arquivo en formato electrónico aberto nun repositorio institucional e remitirá, en formato electrónico, un exemplar seu, así como toda a información complementaria que for necesaria, ao Ministerio competente na materia para os efectos oportunos.
2. En circunstancias excepcionais determinadas pola CAPD, como poden ser, entre outras, a participación de empresas no programa, a existencia de convenios de confidencialidade con empresas ou a posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido da tese, a escola de doutoramento habilitará procedementos que garantan a non publicidade destes aspectos.

Artigo 40. Mención internacional do título de doutor/a (*modificado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017*)

1. O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención «Doutoramento internacional», sempre que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) Que, durante a etapa de realización da tese, o/a doutorando/a realizase unha estadía mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. A estadía e as actividades teñen que ser avaladas polo/a director/a e autorizadas pola CAPD, e incorporaranse ao documento de actividades.
 - b) Que parte da tese, polo menos o resumo e as conclusións, se redacte e sexa presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais en España. Esta norma non será de aplicación cando as estadías, os informes e os/as expertos/as procedan dun país de fala hispana.
 - c) Que a tese fose informada por un mínimo de dous/dúas expertos/as doutores/as pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.
 - d) Que polo menos un/unha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación non español, co título de doutor/a, e distinto/a da persoa responsable da estadía mencionada no apartado a), forme parte do tribunal avaliador da tese e sexa distinto/a dos/das dous/dúas expertos/as referidos/as no apartado c).
2. A CAPD deberá remitir á escola de doutoramento a documentación acreditativa da estadía, a súa autorización para realizala e os informes dos/as dous/dúas expertos/as externos/as, xunto co resto de documentación, para que poida proceder á autorización da defensa da tese de doutoramento.

Artigo 41. Tese por compendio de artigos de investigación

1. A tese poderá consistir no conxunto de traballos que o/a doutorando/a ten publicados, ou conta coa aceptación definitiva para a súa publicación, durante a etapa de realización da tese de doutoramento. O conxunto destes traballos deberá abordar o proxecto de tese incluído no seu plan de investigación. Ademais, para ser incluída nesta modalidade de presentación da tese, como regra xeral, cada publicación debe facer constar a adscrición do/a doutorando/a á universidade en que está a realizar o programa de doutoramento.
2. No momento do depósito da tese na escola de doutoramento, o/a doutorando/a

presentará a seguinte documentación adicional:

- a) Informe do/s director/es da tese coa aprobación da CAPD, onde se especifique a idoneidade da presentación da tese baixo esta modalidade; a contribución do/a doutorando/a, no caso de que haxa máis coautores/as; e os indicios de calidade das publicacións presentadas.
 - b) Aceptación por escrito dos/as coautores/as de que o/a doutorando/a presente o traballo como parte da tese.
 - c) Renuncia por escrito dos/as coautores/as non doutores/as á presentación dos traballos como parte doutra tese de doutoramento.
3. O órgano responsable dos estudos de doutoramento na universidade poderá establecer criterios específicos de calidade que deberán cumprir as publicacións que conforman a tese de doutoramento. En todo caso, os mencionados criterios deberán requirir cando menos o que segue:
- a) Que a tese inclúa un mínimo de tres artigos de investigación, publicados ou con aceptación definitiva para a súa publicación. Os artigos deben estar publicados en revistas indexadas na listaxe do ámbito correspondente do *Journal Citation Reports* (SCI e/ou SSCI). Naquelas áreas en que non sexa aplicable este criterio, substituirase polas bases relacionadas pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) para estas áreas.
 - b) Que os traballos sexan contribucións aceptadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión por pares.
4. Ademais dos requisitos xerais indicados no parágrafo anterior, a tese debe incluír:
- a) Unha introdución, que especificamente conterá unha xustificación razoada da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese; os obxectivos que cómpre alcanzar; unha discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos; as conclusións; e a bibliografía común.
 - b) Unha copia íntegra das publicacións, xa sexan publicadas, xa sexan con aceptación definitiva para a súa publicación, onde conste necesariamente o nome e a filiación do/a autor/a. Deben ficar claramente explícitos os nomes e a filiación de todos os coautores, a súa orde, así como a referencia completa da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. No caso dos artigos con aceptación definitiva para a súa publicación e que na presentación da tese aínda non estean publicados, engadirase o código de identificación do mesmo (o DOI nas publicacións dixitais).
5. Ningún dos artigos incluídos na tese poderá ser anterior á data de matriculación no programa de doutoramento.

Capítulo X. Teses en réxime de cotutela

Artigo 42. Principios básicos e procedemento administrativo da cotutela internacional
(modificado por acordos do Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2017 e 30 de outubro de 2019)

1. A tese de doutoramento poderá realizarse en réxime de cotutela internacional cando:
 - a) Esta dirixida por dous ou máis Doutores/as de dúas Universidades, sendo unha delas a UDC e a outra unha universidade estranxeira.
 - b) Ambas universidades formalicen un convenio de cotutela, que terá que ser aprobado



pola EIDUDC e contemplar medidas que garantan o control da calidade da tese.

- c) O/A doutorando/a tivera realizado durante o período de formación necesario para obter o título de Doutor/a unha estadía mínima de seis meses en cada universidade que subscribe o convenio, realizando traballos de investigación. A estadía poderá ser previa á sinatura do convenio e realizarse nun só período ou en varios. As estadías e as actividades serán reflectidas no convenio.
2. O **convenio** será asinado polos/as reitores/as (ou os/as seus/súas representantes legais) tras o preceptivo informe da EIDUDC e terá vixencia desde a súa sinatura ata a finalización do período máximo de duración da tese. O convenio establecerá en que universidade terá lugar a defensa da tese.
3. O/A estudante deberá estar matriculado na UDC tanto se a cotutela conduce a obter o título só pola UDC coma se conduce a obter un dobre título pola UDC e pola universidade estranxeira.
4. No caso de **cotutelas internacionais conducentes a obter un dobre título**, estarase ao disposto no “*Regulamento da Universidade da Coruña, polo que se establecen o procedemento e as condicións para a formalización de convenios de dobre titulación con universidades estranxeiras*”, aprobado polo Consello de Goberno o 30/01/2014, ou norma que o substitúa. En todo caso, para obter o título de Doutor/a por cada universidade deberán darse as seguintes circunstancias:
 - a) O convenio asinouse cando menos 18 meses antes da data de depósito da tese na EIDUDC.
 - b) O/A doutorando/a cumpriu cos requisitos de acceso, admisión e de desenvolvemento, avaliación e defensa da tese en ambas institucións.
 - c) O/A doutorando/a estivo matriculado/a en estudos de doutoramento en ambas universidades durante cando menos o equivalente a dous cursos académicos.
 - d) A tese presentouse/depositouse nas dúas universidades e recibiu a aprobación para a defensa en ambas (isto inclúe a designación do tribunal).

Como norma xeral, a tese será obxecto dunha única defensa nunha das dúas universidades, que comunicará o resultado da defensa á outra institución. A defensa e o tribunal da tese deberán ser autorizados por cada institución. O tribunal da tese será acordado por ambas universidades, debendo incluír, cando menos, un/unha representante de cada institución. Os gastos do tribunal serán financiados de acordo co establecido no convenio.

No caso de cotutelas conducentes á obtención dun dobre título nas que a defensa ten lugar na universidade estranxeira, o convenio deberá especificar o sistema de conversión das cualificacións entre ambas institucións.

5. A UDC reconecerá ao seu persoal investigador a **labor de dirección** de tese en réxime de cotutela.
6. As teses realizadas en réxime de cotutela só poderán optar ao **premio extraordinario** de doutoramento si a defensa ocorre na UDC.
7. Con carácter xeral, cando a tese se realice en réxime de cotutela (e non estea enmarcada nun programa conxunto), no anverso do título de Doutor/a farase constar unha dilixencia co seguinte texto: “*Tese en réxime de cotutela coa Universidade U*”. Para iso, o convenio de cotutela deberá estar formalizado cando menos un ano antes da data de depósito da tese na EIDUDC.

8. Os/as estudantes matriculados/as nunha universidade estranxeira co-dirixidos por un/unha Doutor/a da UDC poderán incluír no seu título a mención de tese en réxime de cotutela coa UDC sen necesidade de defender a tese na UDC si (i) formalizan un convenio de cotutela entre a UDC e a súa universidade nos termos establecidos nos apartados 1b e 2 deste artigo, e (ii) permanecen polo menos seis meses en cada universidade (nun só período ou en períodos sucesivos) durante a realización da tese de doutoramento. Estes estudantes non terán a consideración de estudantes da UDC nin se lles emitirá título por esta universidade, aínda que durante a súa permanencia na UDC poderán ter a consideración de estudantes entrantes que realizan estadias de investigación autorizadas por un programa de doutoramento se o convenio de cotutela así o recolle e contan coa aprobación da comisión académica do programa de doutoramento ao que pertenza o seu director/a.

Capítulo XI. Doutoramento Industrial

Artigo 43 Mención Doutoramento Industrial no título de Doutor/a (*aprobado polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017*)

1. O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención “Doutoramento industrial”, sempre que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) A existencia dun contrato laboral ou mercantil co/coa doutorando/a. O contrato poderase celebrar por unha empresa do sector privado ou do sector público, así como por unha Administración Pública.
 - b) O/a doutorando/a deberá participar nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolva na empresa ou Administración Pública na que se preste o servizo, que non poderá ser unha Universidade. O proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental no que participe o/a doutorando/a ten que ter relación directa coa tese que realiza. Esta relación directa acreditarase mediante unha memoria que terá que ser visada pola Universidade.
2. No caso de que o proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental se execute en colaboración entre a Universidade e a empresa ou Administración Pública na que preste servizo o/a doutorando/a, subscribírase un convenio de colaboración marco entre as partes. Neste convenio indicaranse as obrigas da Universidade e as obrigas da empresa ou Administración Pública, así como o procedemento de selección dos/as doutorandos/as.
3. O/A doutorando/a terá un/unha titor/a de tese designado/a pola Universidade e un/unha responsable designado/a pola empresa ou Administración Pública, que poderá ser, no seu caso, director/a da tese de acordo coa normativa propia de doutoramento.

Capítulo XII. Premio extraordinario

Artigo 44. Premio extraordinario de doutoramento (*modificado por acordos do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013 e do 26 de xaneiro de 2017*)

1. As teses de doutoramento defendidas na UDC ás que lle fose outorgada a mención *cum laude* poderán ser obxecto de mención especial de premio extraordinario de

doutoramento na UDC.

2. Para os efectos exclusivos da obtención do premio extraordinario de doutoramento, cada un dos membros do tribunal que avalíe a tese emitirá unha serie de valoracións numéricas confidenciais nun formulario específico. A dita valoración ponderará o nivel das contribucións orixinais da tese e o seu grao de innovación dentro do campo de coñecemento que corresponda.
3. A UDC establecerá anualmente o número de premios extraordinarios que concederá e os prazos e o procedemento da convocatoria dos premios extraordinarios. Na devandita convocatoria, incluírase a relación de criterios específicos que se aplicarán na selección das teses no relativo á concesión da mención do premio extraordinario.
4. O/a reitor/a, a proposta da escola de doutoramento, nomeará anualmente os tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.
5. Para poder pertencer ao devandito tribunal, teranse que cumprir os seguintes requisitos:
 - a) Ter cando menos un sexenio de investigación concedido.
 - b) Non ser un/unha dos/as directores/as, codirectores/as ou titores/as das teses que optan ao premio extraordinario.
 - c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos relacionados co contido da tese do alumnado que concorre ao premio.
6. O tribunal estará constituído, como mínimo, por cinco membros titulares e dous suplentes. Na súa composición garantirase a presenza equilibrada dos ámbitos implicados. O tribunal, unha vez constituído, e logo do exame da documentación achegada e das deliberacións oportunas, resolverá por maioría a proposta das teses merecedoras de premio extraordinario, axustándose ao número máximo previsto.
7. Para a avaliación, o tribunal basearase nos criterios de avaliación fixados anualmente pola escola de doutoramento, criterios que deben facerse públicos na convocatoria do premio, e en ningún caso poderá someterse ás persoas aspirantes ao mencionado premio á realización de exercicios ou probas adicionais. Sexa como for, estes criterios terán en conta, polo menos:
 - a) A cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal.
 - b) O currículo relacionado ca tese do alumnado que opta ao premio, en particular:
 - Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - As presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
8. O tribunal enviará a proposta da concesión á escola de doutoramento para a súa valoración e esta remitirá a súa proposta á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo Consello de Goberno. O servizo administrativo responsable dos estudos de doutoramento notificaralle ao alumnado que obtivera o premio unha notificación formal do acordo, que se anotará no seu expediente académico. Igualmente, nas certificacións académicas e no título de doutor/a, farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento correspondente.
9. Os/as doutores/as aos/ás que se lles concedese o premio extraordinario de

doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do título de doutor/a.

10. A mención do premio extraordinario farase constar no título de doutor/a, de acordo coas normas que dite o ministerio competente. Sen prexuízo do anterior, a UDC poderá dispor o recoñecemento documental de mención de premio extraordinario de doutoramento na forma oportunamente determinada.

Capítulo XIII. Expedición de títulos

Artigo 45. Títulos e suplemento europeo do título de doutor/a (*modificado por acordo do Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017*)

1. A superación dos estudos de doutoramento dará dereito á obtención do título de doutor/a, coa denominación que figure no RUCT.
2. Con anterioridade á expedición do título, a universidade entregará ás persoas interesadas unha certificación supletoria provisional que substituirá ao título e gozará de idéntico valor a efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes, en tanto non se produza a súa expedición material. Dita certificación incluírá os datos esenciais que deben figurar no título correspondente e o número de rexistro nacional de titulados universitarios oficiais, e será asinada polo/a Reitor/a. A certificación supletoria provisional terá unha validez de un ano desde a data de emisión da certificación. Dito prazo de validez deberá constar na propia certificación supletoria provisional, e será prorrogable cando por causas técnicas non puidera a Universidade expedir o título.
3. A denominación dos títulos de doutor/a será: doutor ou doutora pola UDC. Así mesmo, a expedición material do título incluírá información sobre o programa de doutoramento cursado, de acordo co establecido ao respecto no Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.
4. Para os programas *Erasmus Mundus* e títulos conxuntos, estarase ao disposto nos convenios e acordos establecidos e a lexislación estatal en materia destes títulos.
5. O título de doutor/a do alumnado estranxeiro producirá todos os efectos que lles outorga a lexislación vixente.
6. O suplemento europeo ao título de Doutor/a é o documento que acompaña ao mencionado título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional coa información unificada, personalizada para cada titulado/a universitario/a, sobre o programa seguido, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de Educación Superior.
7. A expedición do suplemento europeo ao título de Doutor/a, así como o relativo ao contido, características do soporte documental e personalización do documento, e formato electrónico, axustaranse ás normas establecidas no Real Decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo ao título e se modifica o Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o marco español de cualificacións para a Educación Superior. Non obstante, o suplemento europeo ao título de Doutor/a expedirase de acordo co modelo establecido no anexo I do Real Decreto 195/2016, do 13 de maio.

Capítulo XIV. Dereitos do alumnado

Artigo 46. Dereitos específicos do alumnado de doutoramento

1. Ademais dos dereitos recoñecidos por norma estatal, autonómica ou da propia UDC, o alumnado de doutoramento ten os seguintes dereitos específicos:
 - a) A recibir unha formación investigadora de calidade, que promova a excelencia científica e atenda á equidade e a responsabilidade social.
 - b) A contar cun/cunha titor/a que oriente o seu proceso formativo e máis un/unha director/a e, no seu caso, codirector/a ou codirectores/as, que supervisen a realización da tese.
 - c) A procura da integración dos/as doutorandos/as en grupos e redes de investigación.
 - d) A coñecer a carreira profesional da investigación e a que se promovan oportunidades de desenvolvemento da carreira investigadora.
 - e) A participar en programas e convocatorias de axudas para a formación investigadora e para a mobilidade nacional e internacional.
 - f) A contar co recoñecemento e a coñecer os mecanismos de protección da propiedade intelectual a partir dos resultados da tese de doutoramento e dos traballos de investigación. As publicacións resultantes dos traballos rexeranse pola normativa de propiedade intelectual.
 - g) A ser considerados como persoal investigador en formación, de conformidade co Estatuto do Persoal Investigador, coa Carta Europea do Investigador e no que se establece na Lei da Ciencia, da Tecnoloxía e a Innovación (LCTI).
 - h) A ter representación nos órganos de goberno como persoal investigador nos termos establecidos nos Estatutos da UDC e nos regulamentos e normas electorais da UDC.
 - i) A participar no seguimento dos programas de doutoramento e nos procesos de avaliación institucional, nos termos previstos nos sistemas de garantía da calidade e demais normativa vixente.
 - j) O alumnado das ensinanzas de doutoramento internacional poderán participar en programas de mobilidade durante o período de investigación do seu programa. A duración destas estadias será a establecida na súa normativa reguladora.
 - k) Ter dereito de acceso ao campus e ás súas instalacións de uso público ou colectivo, de acordo coas regras para tal efecto establecidas pola UDC.
2. A escola de doutoramento, no seu regulamento de réxime interno, poderá desenvolver e concretar os dereitos e deberes contidos neste regulamento.
3. No compromiso documental asinado pola universidade e o/a doutorando/a farase referencia a estes dereitos e ao sistema e procedemento de resolución de conflitos, e tamén se considerarán os aspectos específicos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que poidan xerarse no ámbito do concreto programa de doutoramento.

Capítulo XV. Obrigas do alumnado

Artigo 47. Obrigas do alumnado

1. Son deberes do alumnado de doutoramento os establecidos no art. 13 do Real Decreto



1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario e os establecidos nos Estatutos da UDC e, no seu caso, os establecidos para o persoal investigador en formación.

2. O alumnado comprométese a desenvolver as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento, a documentalas no rexistro individualizado de control, e a levar a cabo a investigación obxecto do plan de investigación, baixo o seguimento e a supervisión do/a titor/a e o/a director/a da tese.
3. Así mesmo, debe asumir as seguintes obrigas que, a título meramente enunciativo, se concretan en:
 - a) Realizar as actividades formativas, de obrigada realización e superación en cada programa.
 - b) Asinar e respectar o compromiso documental.
 - c) Atender, observar e seguir as indicacións e recomendacións que lle fagan o seu titor/a e/ou director/a de tese en relación coas actividades formativas programadas ou non no doutoramento.
 - d) Informar regularmente ao/á titor/a e/ou director/a de tese da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos, e dos problemas que lle puiden xurdir no seu desenvolvemento.
 - e) Presentar nos prazos establecidos pola CAPD o plan de investigación e o documento de actividades individualizado, para someterse a avaliación da actividade realizada no prazo previsto pola normativa.
 - f) Dedicar á realización do programa de doutoramento, incluída a tese, o número de horas que se estableza no compromiso documental.
 - g) Someterse ás regras de organización e uso de bens e equipos do centro onde realice a investigación.
 - h) Cumprir os prazos e os deberes establecidos no presente regulamento.

Disposición transitoria primeira. Programas de ordenacións anteriores

Os programas regulados por ordenacións anteriores quedarán completamente extinguidos antes do 30 de setembro de 2017, sen que se poida ofertar matrícula de novo ingreso en concepto de tutela académica de tese de doutoramento a partir do curso 2013/14.

Disposición transitoria segunda: codireccións de teses de doutoramento *(aprobada polo Consello de Goberno do 31 de maio de 2016)*

Para que os/as estudantes de programas de doutoramento aos/ás que resulte de aplicación a Resolución Reitoral do 23/05/2016, sobre procedemento de incorporación a programas de doutoramento regulados polo Real Decreto 99/2011, poidan proseguir os seus estudos nos ditos programas, bastará, no caso de teses con mais dun director, con que só un dos codirectores cumpra os requisitos establecidos no art. 10 deste regulamento.

Disposición adicional primeira. Normas de permanencia nos estudos de doutoramento

A normativa de permanencia do alumnado en estudos de doutoramento na UDC rexerá polo disposto no capítulo 7 do presente regulamento.

Disposición adicional segunda. Situacións non consideradas no presente

regulamento

As situacións excepcionais non reguladas polo presente regulamento serán resoltas pola escola de doutoramento.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogada a Normativa para estudos de doutoramento aprobada no Consello de Goberno do 22 de maio de 2008, e o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aprobado no Consello de Goberno do 30 de outubro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 20 de decembro de 2011.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno da UDC.